Proxecto Lingüístico de Centro

Curso 2021-2022

IES Macías o Namorado

Padrón

CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

A transformación da sociedade actual precisa de cambios nos centros de ensino. Estes han ser espazos de aprendizaxe que preparen o alumnado para o futuro. A escola pode ser o laboratorio, a ágora da que xurdan homes e mulleres críticos e comprometidos. Mais este labor, atinxe tamén á comunidade educativa nun sentido amplo: ás familias, ao entorno. E supón, por suposto, un cambio metodolóxico no profesorado, que ha de contemplar o saber facer, non só o feito de asimilar información. A adquisición das competencias debe ser integrada, plural. A vida tamén o é. Neste sentido, o ámbito lingüístico ten especial responsabilidade, pois a competencia comunicativa é a que abre a porta do coñecemento. A lingua permite aprender a aprender. Fainos cidadáns cívicos. Estimula o espírito emprendedor, a creación e o disfrute da arte, o interese científico.

As mudanzas no eido das tecnoloxías están a supoñer unha revolución na linguaxe, tanto para a adquisición como para a transmisión da información. É necesaria a alfabetización informacional e tecnolóxica dos alumnos e alumnas.

No relativo ao contexto lingüístico do noso centro, este é maioritariamente galego-falante mais advírtense mudanzas preocupantes nos últimos tempos que reflicten a situación de minorización da nosa lingua. Esta situación e os prexuízos dela derivados, serán de especial atención, conscientes de que só dende a identidade se pode valorar a pluralidade lingüística e cultural.

OBXECTIVOS, COMPETENCIAS E ELEMENTOS TRANSVERSAIS LOMCE

A) OBXECTIVOS DA ESO

1) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
2) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
3) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
4) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

5) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

6) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
7) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
8) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
9) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
10) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
11) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio carpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
12) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
13) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
14) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

B) COMPETENCIAS CLAVE

Decreto 86/2015 do 25 de xuño, Art. 3: Competencias clave.

Neste decreto, para a adquisición das Competencias clave, incídese no "deseño de actividades integradas que lle permita ao alumnado avanzar cara os resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo".

Comunicación lingüística (CCL)

1. Comprensión oral
2. Expresión oral
3. Comprensión escrita
4. Expresión escrita e/ou ortográfica
5. Capacidade de síntese

6. Lectura

Competencia dixital (CD)

1. Busca de información en diferentes fontes
2. Manexo e aplicación da información
3. Transmisión/aplicación da información
4. Análise crítica do emprego das novas tecnoloxías

Aprender a aprender (CAA)

1. Hábito diario de traballo
2. Técnicas de traballo intelectual
3. Planificación e organización do traballo
4. Motivación e interese polo estudo
5. Pedir axuda
6. Saber autocorrixirse, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.
7. Ser quen de autoavaliarse e coavaliar aos compañeiros/as .

Competencias sociais e cívicas (CSC)

1. Comprensión da súa realidade social
2. Interiorización de valores básicos
3. Respecto aos dereitos dos demais
4. Integración no grupo e/ou no centro (Desenvolver habilidades sociais ?)
5. Cumprimento das normas de convivencia
6. Autocontrol

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

1. Autoestima e confianza en si mesmo
2. Tolerancia a frustración
3. Asunción de responsabilidades
4. Participación en clases
5. Estudo autónomo
6. Afán de superación
7. Saber traballar en equipo
8. Mostrar iniciativa

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

1. Coñecemento das expresións artísticas
2. Valoración da arte e da cultura
3. Técnicas de expresión artística
4. Creatividade

5 Respecto do patrimonio cultural

Matemática e Coñecemento Científico Tecnolóxico (CMCCT)

1. Saber ler un mapa e interpretar unha gráfica
2. Distinguir formas e volumes

3. Entender o que supón o coñecemento científico
4. Descubrir a tecnoloxía no ámbito do cotián
5. Operacións básicas
2. Razoamento lóxico
3. Resolución de problemas
4. Representacións gráficas
5. Aplicación práctica do aprendido
6. Visión espacial

C) ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Decreto 86/2015 do 25 de xuño, artigo 4. Elementos transversais

- Comprensión lectora e expresión oral e escrita .
- Comunicación audiovisual e tecnoloxías da información e da comunicación.
- Educación cívica e constitucional.
- lgualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero .
- Rexeitamento de contidos sexistas e da discriminación por razón da orientación sexual, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Resolución pacífica de conflitos e rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia .
- Respecto polos dereitos humanos, pola liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, a pluralidade e o Estado de dereito.

A importancia das Tecnoloxías da Información e Comunicación ou TIC no ensino é cada vez maior xa que na sociedade actual é fundamental a formación do individuo para a busca, filtrado, manipulación e valoración da inxente cantidade de información que se ten dispoñible. Ademais, as TIC constitúen un importante apoio á mellora da labor docente ao permitir unha maior individualización e flexibilización do proceso educativo. A representación e transmisión da información mediante as múltiples formas expresivas que permiten as TIC normalmente resultan máis motivadoras para un alumnado que vive
arrodeado de estímulos audiovisuais.

As TIC permiten así mesmo a superación de limitacións temporais e xeográficas entre docentes, alumnado, familias e outros axentes da comunidade educativa, así como o acceso á información en igualdade de condicións.

TRATAMENTO INTEGRADO DAS LINGUAS (TIL)

O **Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas** (MCER), publicado en 2001, constitúe unha referencia para o traballo da competencia plurilingüe e intercultural. Na mesma liña está o documentos do Consello de Europa como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), o informe do Foro lntergobernamental Europeo "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais" (2010) e a Conferencia intergobernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas (2013).

No marco LOMCE, o tratamento integral das linguas recóllese nos seguintes artigos:

Decreto 86/2015 do 25 de xuño, artigo 11. Principios metodolóxicos (ESO)

1 O. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe ... Estas medidas incluirán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación ... acordos sobre a terminoloxía que se vai a empregar, e ao tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares en cada materia ... de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns ...

Decreto 86/2015 do 25 de xuño, Título 111, Artigo 39: Educación dixital

1. Os centros docentes que desenvolvan o currículo nun contorno dixital deberán establecer un proxecto de educación dixital que formará parte do seu proxecto educativo(...).

Decreto 86/2015 do 25 de xuño, art. 38. Bibliotecas Escolares:

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (proxecto lector de centro) no que integre as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento da información, en apoio das competencias clave.
2. (...) Procurarase a adecuada coordinación, de ser o caso, co proxecto de educación dixital do centro, de xeito que se reforce a adquisición das competencias para o uso, tratamento e produción de información por parte do alumnado (...).

ACORDOS DO IES MACÍAS O NAMORADO PARA O TIL

A) METODOLOXÍA

MARCO LEGAL

O Decreto 86/2015 do 25 de xuño, artigo 11, promove para a ESO unha metodoloxía:

- Activa e participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo.
- Cun enfoque multidisciplinar e coordinado.
- Que garanta a adicación dun tempo á lectura para promover a comprensión e o uso da información.
- Integradora no uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Que promova actividades de aprendizaxe integradas, para o que se aproveitarán as posibilidades do traballo por proxectos e os recursos e actividades da biblioteca escolar.
- Con actividades de fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, tendo como referencia o Proxecto lector do centro.

B) METODOLOXÍA TIL NO IES MACÍAS O NAMORADO

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a propia lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo. A lingua é unha porta de acceso ao coñecemento. A competencia lingüística garante a inclusión social e o éxito escolar.

A situación da sociedade multilingüe e plural en que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida. Isto implica un tratamento integrado das mesmas (galego, castelán, inglés, francés e linguas clásicas) que o alumnado está a aprender nas aulas. Para poder poñer en práctica estes currículos integrados é necesario

potenciar unha metodoloxía adecuada que leve a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais. Deste xeito, o libro de texto será só un apoio para o alumnado, que utilizará as tecnoloxías da información e da comunicación e a **biblioteca** para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe. Trátase con isto de fomentar a participación e a reflexión tanto individual como grupal, buscar, seleccionar e tratar a información, expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados e relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

C) ACORDOS CONCRETOS

1) EN TIC/ITI

- Aplicación do Plan TIC/ITI. Incluír nas tarefas cuestións que reforcen os contidos TIC/ITI.
- Uso das TIC para facilitar a comunicación cos compañeiros deste e doutros centros, que permita compartir materiais e experiencias; contemplamos tarefas como o intercambio de información e proxectos con alumnado nacional e estranxeiro.

2) PAUTAS PARA A ELABORACIÓN E PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ESCRITOS

Á hora de realizar un traballo sobre un tema determinado debemos ter en conta que isto supón varios pasos ou etapas a seguir para facelo dun xeito ordenado: busca de información, selección da información, organización e estruturación, etc.

Etapas	Pautas a seguir
Busca de información	●Buscar información acerca do tema nos distintos medios posibles á nosa disposición (libros, dicionarios, internet, prensa, etc.) ●Seleccionar a información máis relevante entre toda a atopada. ●Recoller os datos máis importantes e palabras clave referidas ao tema en resumos, esquemas, etc., para recordalos e ver como podemos estruturalos.

Distribución/estruturación	Agora é o momento de **facer un guión** para decidir cal vai ser a estrutura da información recollida (en que orde a imos transmitir e como).É importante que o escrito teña coherencia e unha orde lóxica. **Non** debemos **copiar** parágrafos ou liñas enteiras do recollido. Debemos empregar as nosas propias palabras. O traballo deberá constar de: ●**Portada:** o título do traballo, no centro da páxina e o nome completo do alumno/a xunto co grupo e nivel na marxe inferior dereita. ●**Índice**: os títulos dos distintos apartados do traballo e a páxina na que se atopan. ●**Desenvolvemento**: explicación da información acerca do tema. Organizarase en distintos apartados e parágrafos de xeito claro e coherente, sen repetir a mesma idea. Poden engadirse fotografías, gráficos, etc., que apoien a información transmitida. ●**Conclusión**: deberá ser un resumo moi breve de todo o exposto anteriormente. ●**Bibliografía**: A fin de respectar os dereitos de autor, debemos incluír neste apartado todas as fontes das que foi extraída a información xa sexan dixitais (URL) ou impresas. Neste apartado deben figurar os datos na seguinte orde: **apelidos e nome do autor**, **título** do libro, revista, etc. (en cursiva), **editoria**l e **lugar** e **ano** de publicación. Se a consulta se realizou nunha páxina web, poñerase a dirección web da páxina visitada.

Etapas	Pautas a seguir
Lectura e revisión	Chegado a este punto , debemos ler o noso escrito para asegurarnos de que non repetimos palabras , frases ou ideas a fin de que sexa facilmente comprensible e interesante para o/a lector/a. Coa finalidade de evitar erros, debemos revisar a ortografía, os acentos, os signos de puntuación e a estrutura e orde dos elementos na oración (suxeito+verbo+complementos, etc.) e uso de conectores axeitados para enlazar ideas de xeito apropiado. Unha lectura en voz alta, escoitándonos a nós mesmos pode resultar moi útil para detectar algunha anomalía na nosa redacción e así poder corrixila antes da entrega.

Presentación	**Nos traballos á man**: ●Entregaranse escritos unicamente a bolígrafo azul ou negro, nunca a lapis. ●Evitar borróns e o uso de tipex (é aconsellable facer borradores antes da presentación definitiva) ●Deberá coidarse a letra e a limpeza. ●Os parágrafos deben estar sangrados na primeira liña. ●As follas escribiranse por unha soa cara e coas respectivas marxes: superior: 3 cm, inferior: 2 cm, esquerda: 3 cm, dereita: 2 cm. ●As marxes e liñas deberán quedar rectas. ●As páxinas deberán estar numeradas no centro,na parte inferior. ●As follas deben estar unidas por grampas,nunca soltas. **Nos traballos á ordenador** : ●Deixar marxes amplas:2,5 cm. ●Os tipos e tamaños de fonte serán : Times New Roman 12 p. ou Arial 12 p. en todo o texto. Para os subtítulos empregaremos o tamaño 14/16 p. e para o título o tamaño 18 p. ●Cada apartado principal destacarase en negriña e comezará páxina nova. ●As páxinas numeraranse a partir do índice, no centro da parte inferior da folla.

NOTA : Os prazos indicados polo profesorado serán de obrigado cumprimento. Non se recollerán tarefas fóra de prazo.

PAUTAS PARA A PRESENTACIÓN DE EXAMES

●Empregarase unicamente bolígrafo azul ou negro: nin lapis nin tipex.

●As páxinas estarán todas numeradas do xeito: 1 de 3,2 de 3,etc.

●Todas as páxinas levarán o nome e apelidos do/a alumno/a.

●Deixaranse marxes amplas para as correccións.

●Os parágrafos deberán estar sangrados.

●Se, unha vez contestada unha pregunta, se quere aportar nova información empregarase o mesmo mecanismo das notas a pé de páxina. Colocarase un asterisco (*) na pregunta que queremos continuar e a información nova poñerase nun folio aparte. No caso de que isto suceda con máis dunha pregunta os asteriscos deben ser numerados (*1/ *2) para facilitar a corrección do exame.

●Evitaranse os borróns e procurarase a limpeza en todo o exame.

●Todas as follas do exame deberán estar unidas por grampas.

A comezo de curso realizarase unha reunión do profesorado do ámbito lingüístico para:

- Lembrar e reforzar os compromisos.
- Indicar a inclusión das liñas concretas derivadas dos acordos nas programacións.
- Delimitar proxectos.
- Temporalizar os contidos.
- Contemplar o TIL nas programacións.
- Consensuar reunións de coordinación de proxectos por equipos docentes.

3) TERMINOLOXÍA

Coa finalidade de unificar a terminoloxía lingüística en lingua galega e castelá tómanse como comúns para todos os cursos de Ensino Secundario Obrigatorio e Bacharelato os seguintes termos:

a) MORFOLOXÍA Determinantes

CLASE DE PALABRA: Artigo determinado, artigo indeterminado, demostrativo (agás o neutro), posesivo, indefinidos (agás *nada, ninguén, algo e alguén*) e numerais.

FUNCIÓN: DETERMINANTE (DET)

Terase en conta as particularidades en cada lingua.

Pronomes

TIPOS o CLASES: Personais (átonos e tónicos), demostrativos, posesivos, indefinidos e numerais.

FUNCIÓN: Núcleo (Núc) dun Sintagma Nominal (SN) función Suxeito, CD ou Termo dun Sintagma Preposicional (SPrep) en funcións propias deste sintagma (CC, CI, CAxente ou CRéx).

Adxectivos

TIPOS ou CLASES: Especificativos e explicativos.

FUNCIÓN: Modificador (MOD) do Núcleo do SN ou Complemento do Nome (CN).

Verbos

FORMAS SIMPLES: Presente, Pretérito perfecto simple ou indefinido, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e condicional simple.

FORMAS COMPOSTAS: Pretérito perfecto, pretérito pluscuamperfecto, pretérito anterior, futuro perfecto e condicional composto. (So en castelán)

VALORES MODAIS E TEMPORAIS; teranse en conta en cada lingua os valores específicos que non sexan comúns.

VERBOS ATRIBUTIVOS E PREDICATIVOS

PERÍFRASES VERBAIS. Elaborarase un esquema coas particularidades en cada una das dúas linguas en relación á clasificación modal e temporal.

Valores de "se"

1.- Variante de le/les (en castelán)
2.- Pronome persoal reflexivo
3.- Pronome persoal recíproco
4.- Dativo de interese
5.- Dativo de solidariedade
6.- Verbos pronominais
7.- Marca de Pasiva Reflexa
8.- Marca de Impersoal con "se"

Elaborarase un esquema cos valores propios en cada lingua.

Nexos

Coordenantes (conxuncións e locucións conxuntivas) e subordinantes (conxuncións subordinantes, pronomes e determinantes relativos e interrogativos, adverbios relativos e interrogativos).

Locucións: conxuntivas, prepositivas, verbais e adverbiais.

b) SINTAXE Sistema gráfico de descrición sintáctica

Árbore gráfica: oración, os seus constituíntes inmediatos (Suxeito e Predicado); funcións do predicado, sintagmas, elementos do sintagma e clases de palabra. (Para 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de Bacharelato. En 1º e 2º da ESO, os contidos explicaranse mediante o sistema de caixas co fin de facilitar a súa comprensión). **Sintagma**: SN (Sintagma nominal); SAdx (Sintagma adxectivo o adxectival); SAdv (Sintagma adverbial); SPrep (Sintagma preposicional); SV (Sintagma verbal).

SN >>DET + NÚC (Núcleo)

SAdx>>Núc + MOD (Modificador)

SAdv>>Núc + MOD

Sprep>>Enl (enlace) + Termo

SV ou Predicado (Pred) >>Núc (Verbo) + Complementos (CD, CI, Atrib, CC, Ptvo, CAx, CRéx ou Suplemento, Dativo de interese e dativo de solidariedade).

Funcións (Complementos)

CD: Complemento Directo

CI: Complemento Indirecto

ATRIB: Atributo

CC: Complemento Circunstancial (de tempo, modo...)

Ptvo: Complemento Predicativo

CAx: Complemento Axente

CRéx: Complemento de Réxime

A oración

a) Segundo o número de Núcleos de Predicado: simples e compostas.
b) Segundo a estrutura: Unimembres e bimemebres.

Unimembres: tradicionalmente chamadas oracións impersoais.

Bimebres; Presentan suxeito léxico ou gramatical.

c) Segundo a voz que presenta o verbo: activas ou pasivas.
d) Segundo a natureza do verbo: atributivas (Predicado nominal; PN) ou predicativas Predicado verbal; PV).

e) Oracións reflexivas e recíprocas. Directas e indirectas.

f) Oracións pasivas reflexas.

Oracións impersonais

- Verbos de fenómeno meteorolóxico
- Forma impersoal do verbo *haber*; incluidas as perífrases de *haber*
- Verbo *ser*
- Verbo *facer*
- Verbo *ir*
- Impersoais con "se"
- En terceira persoa do singular, sen suxeito léxico ou suxeito descoñecido. Coñécense como *"eventuais"* ou *"gramaticalizadas"* (en castelán)

Elaborarase un esquema coas particularidades propias de cada lingua.

CLASIFICACIÓN DA ORACIÓN COMPOSTA

Compostas Coordenadas

Copulativa

Adversativa

Disxuntiva (distributiva)

Compostas subordinadas

Sustantivas

Adxectivas

Adverbiais:

Propias: Lugar, Tempo, Modo

Impropias: Comparativas, Consecutivas, Condicionais, Concesivas, Causais, Finais

Explicaranse as particularidades propias en cada lingua en relación ao uso de nexos e valores modais e aspectuais.

4) TRATAMENTO DOS CONTIDOS

O tratamento integrado das linguas facilita a racionalización dos currículos en canto á materia impartida, a temporalización, a metodoloxía e a avaliación. Respondendo ao contexto legal LOMCE apuntado no apartado no que se recolle a base legal, os departamentos do ámbito lingüístico acordan tratar en común os seguintes contidos, chegando a acordes no reparto dos mesmos. Impartiranse nunha materia e reforzaranse no resto. Unha parte importante da explicación destes contidos correrá a cargo dos departamentos de castelán e galego, pois o nivel de competencia lingüística en inglés e francés do alumnado nos primeiros cursos non o fai posible. O departamento de Inglés comprométese na impartición de contidos TIC. Ámbolos dous, reforzarán os contidos aquí recollidos.

a) CONTIDOS LINGÜÍSTICOS CURRICULARES POR BLOQUES Bloque l. Comunicación oral. Escoitar e falar

• Debates (Castelán)

• Exposicións orais apoiadas/ou non en ferramentas TIC. (Galego, vid. TIC)

• Cancións

• Recitados

• Contadas

• Dramatizacións

• Entrevistas

• Radio* (prevese a posibilidade de realizar actividades nesta liña).

Neste bloque terase en conta que a Sala Perseveira e o Salón de actos serán aulas recurso para xerar dinámicas que amplíen o espazo-aula.

Bloque II. Comunicación escrita. Ler e escribir

• Subliñado, esquemas, resumes (Galego, TIC)

• Dicionarios. Definicións (Galego)

• Tipoloxía textual non literaria Textos expositivos (Castelán)

Textos instrutivos (Castelán)

Textos argumentativos (Castelán)

A carta (Castelán)

O correo electrónico (Galego)

Textos xornalísticos: noticia, entrevista, reportaxe, artigo de opinión. Os textos publicitarios. (Galego)

Currículo e documentos administrativos (en 4° de ESO). (Castelán)

Bloque III. Funcionamento da lingua

• Propiedades textuais (Castelán)

• Puntuación (Galego)

• A estrutura da palabra (terminoloxía) (Castelán)

• A sintaxe (Galego, pero en 4° de ESO, repartiranse a estruturas subordinadas e complexas).

Bloque IV. Lingua e sociedade

• Variedades lingüísticas

As linguas no mundo, as linguas na Península Ibérica: Castelán; a partir de 2° de ESO, lusofonía (Galego).

Rexistros e niveis de lingua. (Castelán).

• Prexuízos (Galego)

• Conciencia plurilingüe (traballo por proxectos ao que poderían sumar outras materias, en concreto Xeografía e Historia por formar parte do ámbito sociolingüístico. Engadimos o enlace ao Proxecto Rianxo, pois algunhas das iniciativas interdisciplinares recollidas nesta páxina, poderían ser orientativas).

Bloque V. Educación literaria

• Tipoloxía textual literaria (interpretación e creación) no que respecta a: **Lírica** (Castelán)

• Métrica e recursos estilísticos.

• Tipoloxía

Épica: (Galego)

• Características

• Tipoloxía

• Diálogo

• Descrición

Dramática (Castelán)

• Características

Cómic (favorecerase a interdisciplinariedade con Educación Plástica e Visual) (Galego)

• Características e códigos.

Recensións de lecturas (que serán publicadas no blogue de biblioteca).

Dentro das lecturas escollidas, potenciarase o coñecemento dos clásicos e da mitoloxía, realizando un itinerario lector que contemple estas opcións.

b) CONTIDOS TIC E DE INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN

Cómpre ter en conta que a actual potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares precisa dunha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. O carácter transversal, dinámico e integral de dito proceso de ensino e aprendizaxe competencial require a abordaxe dos **contidos TIC dende todas as materias** de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa.

c) REPARTICIÓN DOS CONTIDOS

1º DE ESO

GALEGO

- A síntese de textos: resumo e esquema.
- Morfoloxía: determinante, pronome, adverbios, preposición e conxunción.
- O verbo.

- Ortografía.
- Vocabulario.
- Tipos de textos: narrativo e descriptivo.
- Os xéneros literarios: Narrativo e poético.
- Sociolingüística. Diversidade lingüística.

CASTELÁN

- A síntese de textos: resumo e esquema
- Morfoloxía: Palabra, substantivo e adxectivo.
- O verbo.
- Sintaxe: Enunciado e oración. Predicado. Funcións.
- Ortografía.
- Vocabulario.
- Tipos de textos: expositivo, periodísticos e dialóxicos.
- Os xéneros literarios: Teatro.

2º DE ESO

GALEGO

- A síntese de textos: resumo e esquema.
- Morfoloxía: determinante, pronome, adverbios, preposición e conxunción.
- O verbo.
- Ortografía.
- Vocabulario.
- Tipos de textos: narrativo e descriptivo.
- Os xéneros literarios: Narrativo e poético.
- Sociolingüística. Diversidade lingüística.

CASTELÁN

- A comunicación. O texto. Coherencia, cohesión e adecuación.
- Morfoloxía: Palabra, substantivo e adxectivo.
- O verbo.
- Sintaxe: Enunciado e oración. Predicado. Funcións.
- Ortografía.
- Vocabulario.
- Tipos de textos: expositivo, periodísticos e dialóxicos.
- Os xéneros literarios: Teatro.

3º DE ESO

GALEGO

- Morfoloxía (os tipos de palabras)

- A síntese de textos: resumo e esquema
- Tipos de textos: narrativo, dialogado e argumentativo
- Historia da lingua
- Palabras cultas e patrimoniais
- Literatura

CASTELÁN

- Repaso e afondamento na métrica e nos recursos literarios.
- Particularidade de morfoloxía
- Sintaxe
- Estrutura das palabras
- Comentario de texto literario
- Orixe do léxico. Neoloxismos e estranxeirismos
- Tipos de textos: poético , explicativo (expositivo) e xornalístico

4º ESO

GALEGO

- Literatura
- Sintaxe : particularidades propias do galego
- Os cambios semánticos
- Sociolingüística
- Ortografía
- A tipoloxía textual: Textos narrativos, prescritivos e argumentativos.
- O comentario literario

CASTELÁN

- Literatura
- Sintaxe
- Os tipos de palabras
- A formación das palabras
- Ortografía
- A tipoloxía textual: o texto descritivo O comentario literario.

1º BACH

GALEGO

- Literatura
- Unidade e variedade da lingua.
- Morfoloxía
- Propiedades textuais. Repaso da tipoloxía textual
- Historia da lingua
- Recursos da lírica medieval

CASTELÁN

- A comunicación ea linguaxe. A comunicación oral e escrita.
- Diversidade lingüística en España
- A Literatura e as súas formas: métrica, xéneros e recursos.
- Repaso de morfoloxía
- Tipoloxía textual
- Sintaxe

2º BACHARELATO

GALEGO

- A síntese de textos: esquema, resumo, tema, título
- Elaboración dun texto argumentativo
- Repaso de morfoloxía
- A formación das palabras: derivación, composición e parasíntese.

CASTELÁN

- Sintaxe
- Repaso de morfoloxía

5) AVALIACIÓN

O plan de avaliación incluirá:

- Valoración do curso: obxectivos acadados, desviacións do proxecto e aspectos a mellorar para o curso seguinte.

a) PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN Procedementos:

- O: observación do alumno/a en clase
- AEO: actividades de expresión oral (exposicións orais, debates e coloquios, presentacións, dramatizacións, lecturas expresivas, probas orais sobre libros de lectura, proba escrita con cuestións ou creación de textos expositivos a partir da oralidade, etc.)*
- AEE: consistirán na elaboración de textos literarios e non literarios (vid. contidos)
- PE: exames
- PL: proba de lectura

Instrumentos de avaliación:

- RCL: rexistro cualitativo (valora a calidade das producións; aplicarase principalmente para os procedementos O, AEO e as de AEE -non incluídas nos exames de avaliación-. A calidade das producións valorarase, nalgúns dos casos, a través de rúbricas que poderán ser comúns aos distintos departamentos lingüísticos e que, nestes casos, se recollerán na aula virtual, no apartado de Ferramentas comúns de aprendizaxe).
- RCT: rexistro cuantitativo (valora numericamente; aplicarase a probas escritas tipo exames, traballos e probas de lectura escritas).
- AA e COA: autoavaliación e coavaliación (en xeral estarán presentes como metodoloxías didácticas para a avaliación de todos os estándares. Procurarase a incentivación deste instrumento entre o alumando, cunha actitude crítica e respectuosa, de cara á corrección e superación das dificultades).

Avaliación dos **proxectos interdisciplinares** a partir de:

- Os datos anteriores.
- Enquisas ao alumnado.
- A recollida de datos -mediante enquisa ou cuestionario breve- da reflexión do profesorado con respecto a:

a) As actividades desenvolvidas, data e duración.

b) As dificultades experimentadas para levar a cabo as actividades.

c) A valoración dos obxectivos acadados e da experiencia en relación aos métodos tradicionais de ensino.

d) Posibles actuacións de mellora con vistas a futuras implementacións.

OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Para o apoio e fomento do uso da lingua galega, propoñemos os seguintes obxectivos xerais:

1.- Elaborar e dinamizar o plan anual de actividades para o fomento do uso do idioma.

2.- Potenciar o uso do galego a través de actividades de comprensión e expresión (oral e escrita)para os distintos niveis educativos.

3.- Proporcionar información a todo o profesorado e á comunidade educativa para a mellora das competencias lingüísticas.

4.- Dar a coñecer e poñer en valor o patrimonio lingüístico , cultural e histórico de Galicia.

LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA E MEDIDAS ADOPTADAS PARA MELLORAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO

A lingua galega experimenta na actualidade un innegable retroceso social que o sistema educativo debe contribuír a melloralo a través da dignificación e fomento do uso do idioma.

O reparto ao 50% das aulas na dúas linguas cooficiais non se pode considerar una medida igualitaria, pois a posición e consideración social das dúas linguas non é idéntica. A educación debe aumentar a presenza do galego para equilibrar a súa presenza ao respecto do castelán no contorno social e escolar do alumnado.

A competencia lingüística é un elemento clave na formación das persoas, de grande importancia pois a través dela apréndense conceptos e reflicte a transmisión do pensamento.

Para mellorar a competencia lingüística do alumnado, propóñense as seguintes medidas:

- Fomento da lectura a través de propostas actualizadas e axeitadas ás idades e intereses do alumnado a través de actividades realizadas na biblioteca do centro como o “club de lectura” e “foros de debate”
- Charlas coloquio sobre libros en galego con escritoras e escritores co obxecto de achegar as obras ao alumnado dun xeito máis real e motivador.
- Fomento da lingua escrita por medio de certames, concursos, relatos curtos...tanto dentro do centro, como noutros próximos ao Concello, Deputación, ...
- Fomentar e mellorar a competencia oral e a participación a través de actividades que sexan do interese do alumnado(educación afectivo sexual, drogodependencia, cinema...)
- Participación en programas educativos da Comunidade dedicados á mocidade.
- Empregar a lingua galega como cooficial do centro en todos os documentos administrativos e pedagóxicos e en todas as comunicacións escritas e de relación coa comunidade educativa.
- Fomentar o galego como lingua de uso cotiá e de relación co alumnado e as familias.
- Emprego do galego en todo tipo de cartaces, carteis e murais que penduramos no centro.
- Celebración de festas tradicionais galegas coma o Magosto, Samaín, Día de Rosalía de Castro, Entroido, Correlingua, Letras Galegas... para poñer en valor , non só como manifestacións tradicionais e culturais, senón tamén para establecer lazos afectivos coa lingua e a cultura.

LINGUA EN QUE SE IMPARTEN AS DIFERENTES MATERIAS

1. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

	HORAS		ESO
MATERIA	**GALE**	**CAST**	**Curso**
MATEMÁTICAS		**18**	**1º, 2º, 3º, 4º**
TECNOLOXÍA		**8**	**2º, 3º, 4º**
FÍSICA E QUÍMICA		**8**	**2º, 3º, 4º**
XEOGRAFÍA E HISTORIA	**12**		**1º, 2º, 3º, 4º**
RELIXIÓN	**4**		**1º,2º,3º,4º**
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	**9**		**1º, 3º, 4º**
TITORÍA	**4**		**1º, 2º, 3º, 4º**
PLÁSTICA		**7**	**1º, 3º, 4º**
E. FÍSICA	**8**		**1º, 2º, 3º, 4º**
MÚSICA	**7**		**2º, 3º, 4º**
OBR. INI.EMP		**3**	**4º**
ORATORIA	**2**		**1º, 2º**
INFORMÁT		**3**	**4º**
CULT. CLÁS.	**5**		**3º, 4º**
XADREZ	**1**		**1º**
PROM. EST.		**1**	**1º**
TOTAL HORAS	**52**	**48**	

2. BACHARELATO

		HORAS		BACHARELATO			HORAS	
CURSO	**MATERIA**	**GAL**	**CAST**		**CURSO**	**MATERIA**	**GAL**	**CAST**
1º	FILOSOFÍA		3		2º	Hª de ESPAÑA	3	
1º					2º	BIOLOXÍA	4	
1º	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	4			2º	CTA	4	
1º	Hª CONTEM	4			2º	Hª da FILOSOFÍA		4
1º	TECNOLOXÍA INDUSTRIAL		3		2º	FÍSICA		4
1º	DEB. TÉCNICO		4		2º	QUÍMICA		4
1º	FÍSICA E QUÍMICA	4			2º	Lit. UNI	4	
1º	MATEMÁTICAS	4			2º	ECONOMÍA		4
1º	RELIXIÓN	1			2º	Hª ARTE	4	
1º	TIC		2		2º	XEOGRAFÍA	4	
1º	ANTROPOLOXÍA		2		2º	XEO-Hª GAL	4	
1º	E. FÍSICA		2		**2º**	TEC. IND.		**3**
1º	LATÍN	4			**2º**	DEB. TÉC		3
1º	GREGO		4		**2º**	MATEMAT	4	
1º	ANATOMÍA APICADA		3		**2º**	RELIXIÓN	1	
1º	ASTRONOMÍA		1		**2º**	TIC		**3**
1º	MAT. APLIC.	8			**2º**	LATÍN		4
TOTAL HORAS		**29**	**24**		**2º**	GREGO		4
					2º	MAT. APLIC	4	
					TOTAL HORAS		**36**	**33**

3. CICLOS FORMATIVOS

CM Xes Adm	Módulo	GAL	CAST	
1º	FOL	4		
1º	OP. AUX.XEST. TESOR.		6	
1º	TECN. CONT.		5	
1º	OP. ADM. COMP-VEND		5	
1º	TRAT. INFORMAT. INFORMACIÓN	10		**TOTAL 1º GAL: 14 h CAST: 16 h**
2º	EMPR. E ADM.		7	
2º	OPER.ADM. RRHH	7		
2º	TRAT. DOCUM. CONT.		6	
2º	EMPR. NA AULA	9		
2º	COM. EMPR. E AT. CLIENT.		7	**TOTAL 2º GAL: 16 h CAST: 20 h**
TOTAL HORAS		**30**	**36**	

CS Adm e Fin	Módulo	GAL	CAST	
1º	FOL		4	
1º	XEST. D. XURID E EMPRES.		3	
1º	RRHH E RESP. SOC. E CORP.	3		
1º	OFIMAT. E PROC. DA INFOR.	9		
1º	PROC. INTEG. ACTIV. COMERC.		5	
1º	COMUN. E ATENC. CLIENT.		6	**TOTAL 1º GAL: 12 h CAST: 18 h**
2º	XEST. RRHH		6	
2º	XEST. FINAN.	7		
2º	CONT. E FISCAL.		9	
2º	XEST. LOXIST. E COMERC.	6		
2º	SIMUL. EMPR.	8		**TOTAL 2º GAL: 21 h CAST: 15 h**
TOTAL HORAS		**33**	**33**	

CM Inst. Elec	Módulo	GAL	CAST
1º	FOL		4
1º	ELEC	8	
1º	TRON		4
1º	AUTO	8	
1º	IEI		12
2º	EMIN	3	
2º	INSO		3
2º	ICT		7
2º	DOMOT.		7
2º	MAE	7	
2º	INDI	9	
TOTAL HORAS		**30**	**33**

CS Autom. E Rob. Indust	Módulo	GAL	CAST
1º	DOTE		4
1º	ININ		4
1º	FOL		4
1º	SENH	6	
1º	SIME		5
1º	SEPO	7	
1º	SISE	6	
2º	EMIN		3
2º	ROBO		5
2º	SPA	7	
2º	INSA		10
2º	COIN	11	
TOTAL HORAS		**35**	**35**

CB Serv Admin	Módulo	GAL	CAST	
1º	TRAT INF DA	7		
1º	TEC ADM BA		6	
1º	ARCH e COM		5	
1º	CIEN APL I	6		
1º	COM e SO I		7	**TOTAL 1º GAL:14 h CAST:17 h**

CB Electr	Módulo	GAL	CAST	
1º	CIE APL I	6		
1º	COM SOC I		7	
1º	EQU EeE	8		
1º	INS DOM		10	**TOTAL 1º GAL: 14 h CAST: 17 h**

2º	CIEN APL II	7							
2º	COM E SO II	6			2º	CIEN APL II		7	
2º	PREP PED		5		2º	COM E SOC II	6		
2º	APL BAS		10		2º	IMR	9		
2º	ATEN CLIE	3		**TOTAL 2º GAL: 16 h CAST: 15 h**	2º	IN TEL		9	
TOTAL HORAS		**30**	**32**		2º				**TOTAL 2º GAL: 15 h CAST: 16 h**
					TOTAL HORAS		**29**	**34**	